Ribadeo no tempo, a través das imaxes
(outro Ribadeo foi posible)



ASOCIACIÓN DE VECIÑOS
"O TESÓN"
RIBADEO 2006

RIBADEO NO TEMPO, A TRAVÉS DAS IMAXES

(Outro Ribadeo foi posible)

Textos: Antonio Gregorio, Gilberto Suárez e José Mª Rodríguez.
Lic. Creative Commons compartir igual 2.1
Fotografías: Foto Pérez. Prohibida reproducción sen permiso
Deseño: Antonio Gregorio e Pepe González
Edita: O Tesón. Aptdo. 92. 27700 Ribadeo
Imprime: Gráficas Ribadeo
ISBN: 84-6110861-2
D.L.: LU-281-2006

Ribadeo a través do que se vía.

A asociación de veciños O Tesón quere aportar o seu grao de area ó común de Ribadeo. A través de fotos pouco coñecidas presenta varios aspectos dunha vila que xa non existe, contrasta coa realidade actual e proxecta cara ó futuro as posibilidades do Ribadeo que defende.

A foto de portada, abondo recente, coa reparación da torre traseira do edificio do Cantón dos Moreno amosa a recuperación dun símbolo ribadense, que era necesaria e que aínda está incompleta. Coma el, antes e despois, outras moitas partes da vila sufriron ó longo do século XX transformacións, pequenas ou grandes.

Este é un agasallo que a asociación se fai a si mesma a través dos seus socios.

Ribadeo, abril de 2006
A Directiva,
Concepción Redondo
Gilberto Suárez
Antonio Gregorio
José Mª Rodríguez
Ignacio Carriquí
Pepe González

1.A ría, o mar, o noso alimento.

Houbo un tempo no que os barcos de vela non estaban adicados só ó recreo, senón máis ben á subsistencia. Tamén era unha época na que as fotos eran moito máis raras que o son agora, e o uso da cámara chamaba a atención. Tempos nos que en Porcillán chegaba a auga ata o mesmo comezo da rúa Antonio Otero, a costa para subir á parte alta do pobo. Era alí, nese comezo do porto, que pouco tiña que ver co actual, onde se situaba a conserveira 'La Trocha', que antes fora emprazamento dunha fábrica de xabón, e hoxe son ruínas. A vella aduana presentaba aínda outra cara, pero a imaxe do pobo na ribeira era parella á actual.

Os barcos tiñan que entrar na ría a vela, o que entrañaba unha grande dificultade: unha enciclopedia con datos do 1926 aínda reflexa esta realidade, cos bancos de area sempre avanzando e dificultando o paso ó empuxar o canal cara ás carraias.

Esperando a baixamar: o veleiro está atracado na antiga dársena de Porcillán, fronte ós actuais comedores do 'Bar Marinero', na foto aínda almacén de materiais de construción e saneamento de 'Antonín da Consigna'. Un grupo de mulleres traballadoras agarda a que baixe un pouco a marea

para comezar a descarga. Na foto pode verse tamén a parella de bois (do 'Raxao' ou do 'Soberbio') que subían pola costa a mercadoría destinada ó florecente comercio ribadense.

Anos máis tarde, o mesmo peirao, nunha vista parella, xa desaparecidas as velas, os soportais... séguese a ver ó fondo a fábrica de conservas, e a caseta que fora, no seu día, dos carabineiros. Con algunha casa nova e xente máis coñecida. Vese o bar do 'Pirro', do que se lembra o seu incendio pola noite, sendo propiedade de 'Cartagena'.

Agardando a arribada: a embarcación 'Tierruca', propiedade dos 'Hermanos Navarret', mariñeiros e armadores de toda a vida, Justo e Pepe, arriba sen problemas ó porto, dársena de Porcillán (hoxe desapa-

recida como outras moitas cousas) tras unha dura e interminable xornada de pesca.

A súa familia, a de toda a tripulación, no peirao esperando o retorno.

A pesca era abundante: O 'Navarret' a tope.

A embarcación ribadense 'Navarret', atracada fronte ó pósito marítimo de pescadores, cunha marea de 20.000 quilos de saboga esperando o horario de subasta ó pé da lonxa, e descansando antes de poñerse mans ó traballo. O pescado foi vendido para fariña, segundo lembra Manolín Freije, tripulante na ocasión da foto.

Non é a única pesca da época que foi abundante. Os barcos non tiñan que ir tan lonxe. O 'Navarret' estaba a tope, e a xente contenta. Claro que, pola expectación levantada, debía ser unha pesca extraordinaria aínda para aqueles tempos.

A pesca disfrutábase en conxunto ou por separado, e a abundancia de peixe non mermaba a súa calidade ou tamaño, como podemos ver na foto. Abadexos (a típica zarreta) de Abelardo Lombardero (á nosa dereita) e Benito de aduanas, camiño da lonxa despois de desembarcar da 'Victor José', da que Abelardo era patrón e armador.

Continuando a faena interminable: Polos anos 60 e anteriores, a pesca de cerco con petromán foi exercida por diversas embarcacións de Rinlo, As Figueiras e Ribadeo, con abundantes capturas, en particular de chicharro.

Na foto pode verse a tripulación da lancha rinlega 'Nueva Fortuna', do armador Ignacio Portillo (coa man ó peito), descargando e pesando as súas capturas. Na báscula, Julia Álvarez Álvarez, vendedora de peixe.

As mesmas tarefas, antes facíanse de xeito diferente, como testemuña esta foto que presenta a pesada a ceo aberto e a descarga de peixe para fariña no mesmo peirao.

Macizando: mariños de Castropol e As Figueiras, entre os que destacaron pola súa habilidade e marca 'El Coco' e 'Pelellos', na pesca do xurelo coa arte do 'medio mundo'.

Ás veces, en troques de entrar o xurelo, cargaban de muxes, moi abundantes na ría en tódalas épocas.

Esta escena non é posible vela hoxe. Non só por falta de xente ou seren aparellos hoxe pouco vistos, senón pola propia situación, que significaría pescar en terra: a zona norte de Mirasol. Ó fondo, vese a ría gozando de boa saúde, con botes e lanchas fondeados á beira, nas praias de Lino, As Arenas, Os Homes (a que se ve nesta foto), e Cabanela.

A fábrica de Peláez. Co faro de Obras Públicas ó fondo, pode verse a antiga fábrica de conservas de pescado 'Peláez', hoxe convertida en instalacións do 'Centro de Cultivos Mariños'.

A actividade visible do porto varía duns momentos a outros. As boias metálicas, que estiveron moito tempo alí, parecen tomar a primacía na foto, na que se ven acompañadas das grandes varas para estender as redes, reparalas, pintalas con casca de pino, etc.

En Porcillán, a festa estendíase por todo o peirao, aglutinando a xente do pobo, no mirador ou na mesma explanada, que inicialmente tiña un aspecto e un uso moi diferente ó que se pode observar hoxe, e non só pola inexistencia das redes.

Un día de regatas e festa. Os miradores de San Miguel, Obras Públicas (Guimarán), Aduana Vella e a Atalaia están abarrotados de público que chegou de tódolos sitios.

Compiten ata 11 bateis en liña, con representación de moitos portos do Cantábrico, para a continuación celebrar no peirao de Porcillán a festa por excelencia dos mariñeiros.



Non só no ambiente mariñeiro, senón en todo Ribadeo, a festa da Virxe do Carme é considerada como principal. A Virxe remata con festa o conxunto das fotos de pescadores. As bandeiras de papel baixo as que pasa a imaxe, de formato diferente das que se poden atopar hoxe, non tapan a vella estrutura do cargadoiro.

2. ... non só a pesca.

En Ribadeo, a pesca tiña unha importancia maior hai tempo que na actualidade. A distribución de barcos abarloados en Mirasol, que presenta un aspecto diferente ó de agora, dá pistas sobre as actividades

que se realizaban naquel entón. Non embargantes, o cargueiro do fondo e os almacéns do porto xa indican unha actividade portuaria diversa que tivo épocas mellores en tempos de importacións, como o liño ou o cúmel do Báltico.

Abarloadas, as chamadas "parexas", Costa Vasca e Tierra Vasca, Decanos, Huerta e Hidalgo, ... a actividade pesqueira era maior que a de hoxe.

O almacén de Seivane y Barcia é unha das poucas cousas que permanece no porto actual.

Na foto, os astaleiros no seu comezo, sen rampa visible para a botadura.

As casas teñen pouca variación no que respecta ó seu aspecto actual na parte baixa, pero hai abondas novas construcións e modificacións no alto da barriada.

O detalle da construción en madeira pódese observar pola inexistencia naquela época das naves taller, que son de factura posterior.

Tamén se observa o diferente tamaño das construcións que alí se facían, dende barcos de certo calado a barquiñas moito máis sinxelas.

Como resultado da pesca, como actividade independente, a Vila Vella e os seus astaleiros de ribeira traballando en madeira viviron tempos de pulo.

Na foto, a botadura dun novo barco; outros reparándose e aínda outro observando na enseada.

3.O Parque de San Francisco, centro ribadense.

A zona Parque de S. Francisco / Pza. España / Cantón ten un aquél de novo Ribadeo, a pesares da súa idade. Alguén pode imaxinar o pobo sen o edificio dos irmáns Moreno? Unha primeira vista desa novidade ribadense apareceu o 1/9/1916, en 'Bandera Católica', publicación quincenal daquela época. A imaxe exterior dos 925m^2 construídos (en comparación, a disposición actual da Casa do Concello, o Pazo de Ibáñez, ten só 720m^2) tivo que ser composta a partires de vistas parciais por mor de ter á beira o edificio de Ibáñez. A excepción de traballos de restauración, o seu perfil e exterior non variou ó longo do tempo.



Non pasou así co actual pazo do Concello, que cambiou ó longo dos anos de mans e uso, a partir da súa construción polo Marqués de Sargadelos. Concebido como vivenda, albergou tamén ó longo do tempo a "Banca de Casas", antes de pasar a ser Casa do Concello, e variou a súa estrutura periférica como se pode observar nas fotos.



Dende as primeiras vistas fotográficas das que se dispón, o pazo perdeu primeiro o muro que daba a un recinto interior, despois, a galería e a zona alta que quedou tras da eliminación daquela, sempre na zona da dereita mirando dende o Campo. Na actualidade segue a existir o saínte principal nesa zona, pero só acompañado dun pequeno tramo de escaleira que permite unha saída lateral cara ó sur.

En troques, a parte do pazo que dá á actual rúa Ibáñez non variou dende comezos do século XIX. Contrasta coa edificación apreciable na outra beira da mesma rúa, onde unha casona, e a mesma Torre da Fortaleza, deixaron o seu lugar ó edificio dos Moreno.

Foron os irmáns Moreno os que xustamente deron o nome ó Cantón, espazo público acondicionado por unha doazón deles. O espazo comezou a modelarse ata a actualidade a partir da súa obra, seguida despois por outras na mesma liña. En tempos anteriores, era a desaparecida Torre da Fortaleza, tamén en tempos símbolo de Ribadeo e na que viviu Dámaso Alonso, a que contrastaba co pazo de Ibáñez.

Outro Ribadeo diferente se albisca dende o edificio que fai esquina entre o parque e a rúa Clemente Martínez Pasarón, retratando un momento do Congreso Eucarístico de 1956. Nel, á parte da concentración de xente para un tipo de acto que era frecuente naquela época, obsérvase a zona do Cantón, cun perfil semellante ó actual. Unha disposición dos xardíns idéntica e o lateral do pazo de Ibáñez co corredor lateral elevado que deixou a supresión da galería. Aparece tamén o edificio de aduanas nunha esquina, coa mesma figura actual.



Con outra perspectiva, dende a torre da igrexa, e un pouco posterior no tempo, xa se aprecia toda a zona Cantón-Concello-Aduana como na actualidade, se omitimos o edificio 'Plaza de España'. A ausencia dese bloque permitía ver As Figueiras e o Tesón.

O parque ribadense sufriu máis cambios de imaxe ó longo do século XX que os das fachadas dos edificios. Nas fotos de comezos de século obsérvase o campo da feira, mentras despois aparecen os xardíns cos parterres que forman a imaxe típica dende hai moito.

Aparecen nas imaxes, collidas con ocasión dalgunha nevada, árbores novas, permitindo ver sobre elas non só as cocheiras e o edificio administrativo (antigo Colexio de San Agustín) da Empresa Ribadeo, senón toda unha fronte de edificios no comezo da rúa Clemente Martínez Pasarón, que xa non existe. Na actualidade, en troques, a zona do parque que leva o nome de Praza de España vese limitada ó fondo polas casas sociais que substitúen o vello perfil. Pola contra, na outra beirarúa, á esquerda na foto, o trozo visible segue a ter a mesma apariencia que tiña a mediados do século XX.

En canto á rúa de San Francisco, que na imaxe aparece nevada, non ten grandes diferenzas coa actualidade se se observa en conxunto, a pesares de novas fachadas aparecidas e vellas casas que xa non están. Mirando unha foto feita con máis aproximación, a cousa cambia: xa se perciben nos coches a distinta época do seu deseño, o que fai recapitular de novo sobre as vistas de conxunto do parque, e apreciar os vellos automóbiles anteriores ós anos sesenta e outros dese tempo.

Nunha vista que podería ser indicativa da modernidade ribadense do último medio século, aparece en primeiro termo a parada de taxis xa coa súa forma de principios de século XXI, e co fondo tamén actual da torre do Cantón. Non embargantes, o modelo máis moderno que aparece, o SEAT 1400, desminte a actualidade da foto, na que o Chevrolet, os 4x4, o Renault, indican as dúas xeracións pasadas desde que foi tomada.

En fronte dos taxis, a beirarúa de San Francisco, vista con máis detalle, cambiou moito a súa apariencia, a pesares da relativa pouca variación nas fachadas dos edificios: a comezos de ano eran anuncios de diferente tipo os que acompañaban ós taxis, que aparcaban en paralelo e non en serie, ocupando tamén coches e máis coches a beira das tendas. Unha foto, para moitos nostálxica, na que se ve a fachada do Colexio 'dos Hermanos', no que se formaron moitos dos ribadenses de hoxe.

Non só é difícil ver hoxe a rúa tan vacía como nesta foto de mediados do século pasado; pequenos detalles manifestan cambios maiores na zona, ben conservada, con cambios que se integran nas fachadas colindantes: a lámpada da luz no medio da rúa tamén desapareceu. Un novo parque pode tomar forma en breve, pero este é o parque que coñecemos.

4.Ribadeo nas súas rúas.

As rúas de Ribadeo teñen cambiado moito dende que por aquí apareceu a fotografía. Non só é o aumento de edificacións, que deu lugar a novas rúas e polo tanto, un cambio total nalgunhas zonas. O aspecto da entrada da vila dende o comezo do xardín dá unha impresión abondo diversa da da actualidade, a pesares de que os cambios nas fachadas non son numerosos. Falta a rúa Vilalba, e está o vello garaxe que quedou para outros usos ata tempos recentes. Á dereita, a "Casa dos Enanos", "La Calzada", e a "Casa Rosa" configuran a paisaxe dende hai moito tempo, pero na esquerda, os primeiros edificios foron substituídos por outros novos.

A vista do Hotel Lamas ollando cara ó centro da vila (rúas San Roque e Rodríguez Murias) presenta un Ribadeo en movemento. Albíscase ó fondo da rúa a Torre dos Moreno. Na foto hai que destacar que se poden apreciar abondos cambios respecto á actualidade, se ben para iso necesítase un exame máis minucioso, coa excepción da falta da casa que hoxe é o comezo da Avda. Rosalía de Castro.

Non embargantes, o máis chamativo deste conxunto de fotos é a ausencia de coches.

Mirando dende San Roque á saída da vila, exceptuando as casas do fondo, a situación non variou moito dende aquela época. Vense as mansións de indianos, dende a ocupada ata hai pouco pola Comandancia de Marina, en igual estado que daquela. Próbese a tapar co dedo o fondo da rúa e pregúntese a alguén pola data da toma desta foto... Novamente, só os coches delatarían a época.



O estado actual de conservación das casas pode deixar que desexar, pero a desaparición dalgúns detalles perviven na memoria. Quen se lembra hoxe xa destas galerías, que desapareceron non hai moito tempo da rúa Trinidade? Na actualidade aí está a panadería "Paleo" e o fondo da rúa está decorado cunha casa en ruínas, na encrucillada do camiño que nos leva a Porcillán, a Atalaia ou a Cabanela. Unha foto correspondente a outra zona da mesma rúa non denotaría cambios.

E non só as rúas cambiaron de aspecto. Neste intre, o saído do Patín parece outro, tanto polas modificacións apreciables na mesma casa do Patín como pola construción da (ata hoxe non aberta) Casa da Xuventude, ou por detalles menores, aparentemente, como a hedra que a recobre ou a falta do mástil na actual Casa da Cultura. Aínda con cambios, o recuncho é típico de Ribadeo.

5.De Ribadeo a fóra.

Se o centro da vila sufriu cambios, tamén as zonas exteriores os sufriron. O fondo da vista da estación do tren Vilaodriz - Ribadeo non sería hoxe recoñecible. E non tanto polas variacións nos edificios que se ven nela como polos construídos despois e a desaparición, por ruína, da propia estación e outros usos e novas construcións que substituíron ás que aparecen na zona.





O cargadoiro de mineral ofrece hoxe unha visión distinta, tras o desmantelamento da estrutura de ferro e a posterior construción dunha pasarela de madeira, asemade tras a desaparición da caseta situada na base do pilar e, sobre todo, despois de que as vagonetas deixaran de pasar pola estrutura para cargar barcos como o que asomaba a proa hai moitos anos. Unha imaxe de lembranza na que o entorno natural, polo momento, se mantén.



Ver instalacións abandonadas produce nostalxia. O cargadoiro, unha vez abandonado, comezou a ver como se derruía a construción ó seu pé, desaparecía a caseta, deixaba de existir a vía... vagonetas e máquina de carbón pasaron tamén á historia.

O forte de San Damián, antes do remoce, tamén tiña outro aspecto no seu interior. As edificacións sen teito e comidas pola maleza ou o muro caído nalgún lugar quedaban fóra da xira de visitas dos forasteiros e tamén dos paseos da xente de Ribadeo.

Á baixada á praia do Cargadoiro aínda lle quedaban moitos anos para ter as actuais escaleiras, pero o actual "San Miguel" xa estaba edificado.

Pode que o máis representativo dunha imaxe antiga da ría non sexa a falta de pantaláns e do espolón do peirao deportivo nin a característica estrutura do cargadoiro, senón a falta de construcións na propia costa, e a capela de San Miguel en solitario no alto.

Non embargantes, son moitos os detalles a notar: a presenza da Confraría de Pescadores sobre Porcillán, as barcas sobre o peirao, a falta dos espazos para os pescadores, cos seus pórticos, a falta do actual restaurante en troques do mirador ó fondo do porto... ou o carabineiro paseando ou facendo garda no que hoxe se chamarían 'instalacións portuarias'

A enseada de Cabanela produce nas fotos vellas unha sensación diversa á de hoxe en día: as casas, o pasadizo para a baixada, hoxe están en ruínas e cubertas de hedra; o muro da Casa do Bispo permanece de xeito semellante, pero a rocha chamada 'Pena do Galo', a area, o gozo da xente naquel lugar, foron substituídos por unha explanada e un amago de auditorio nunca utilizado.



A festa do Carme é unha constante na ría. A participación vese abondo menor que agora: non só a poboación, senón os medios, tamén eran menores que hoxe. Na foto vese como se ía en procesión entre o mirador do Gurugú e o cargadoiro nun camiño que se repite

aínda hoxe, ano tras ano, se ben o aumento de embarcacións fai aconsellable separarse algo máis da costa que o que se facía daquela.

A Casa de Baños 'La Cantábrica', cos seus baños de primeira, segunda e terceira, quedan ocultos no primeiro recoveco da costa, ocultando, asemade, que os baños medicinais estaban de moda.

Faltaba tempo aínda para o hotel 'Riberas del Eo', co seu nacemento nos anos 70, o que, xunto a outros detalles, ubica a foto cara a finais dos cincuenta.

A enseada da Vila Vella, sen os espolóns, coa desaparecida praia dos Bloques á vista, sen o pequeno recheo, sen a caseta de cultivos no Costal... Non embargantes, na foto obsérvase a baixada ó porto dende a estrada N-634. Os tesóns aparecen, sempre presentes, na ría, se ben pódese ver a diferente configuración que tiñan naquel intre respecto ós de hoxe, o que fai situar a foto nos anos trinta.

A primeira foto da Escola Pedro Murias, a da súa primeira pedra, pode ser un peche optimista de cara ó futuro. Unha obra benéfica para impulsar o progreso onde os cativos miran con curiosidade o comezo das obras e as autoridades presentes están testemuñando unha época histórica.

Agradecementos

Queremos deixar constancia do noso recoñecemento ás persoas que nos brindaron a súa colaboración, entre as que podemos citar a:

Luis ALONSO GONZÁLEZ
Amadeo ARANGO MORENO
Manuel FERNÁNDEZ RODRIGUEZ
Manuel FREIJE LÓPEZ
Álvaro LAMAS PEDREIRA
Abelardo LOMBARDERO GONZÁLEZ
Isabel LÓPEZ FERNÁNDEZ
José Antonio LÓPEZ GARCÍA
Pilar MORO FERNÁNDEZ
José NAVARRET RODRÍGUEZ
Antonio PÉREZ SOTO

Ribadeo no tempo, a través das imaxes
(outro Ribadeo foi posible)



ASOCIACIÓN DE VECIÑOS
"O TESÓN"
RIBADEO 2006